Deporte na escola - 3 de marzo de 2009

O **3 de abril de 2009** celebraranse no centro outras xornadas do "Deporte na Escola", xunto co I.E.S. Val do Asma.

O alumnado do centro pode participar entregando en Vicedirección ou no departamento de Educación Física antes do 27 de marzo os seguintes datos:

- Deporte/s nos que desexa participar.
- Nome do equipo para cada deporte.
- Nome dos participantes do equipo para cada deporte.

Os deportes nos que se pode participar son os seguintes:

- BÁDMINTON
- BALONMÁN.
- FÚTBOL SALA.
- XADREZ.
- XOGOS POPULARES (Aros, zancos, peóns, tabas, a chave, a rá, a virolla).

O horario será:

- Bádminton: 9:00 a 11:15 horas.
- Balonmán e Fútbol Sala: 11:45 a 13:15 horas (é probable que se prolongue ata as 14:00 horas).
- Xadrez e xogos populares: Toda a mañá.

A **entrega de notas** ao alumnado será ás 11:15 horas, durante a hora de lecer.

Rógase a máxima colaboración por parte do profesorado no desenrolo das actividades, para que as xornadas transcorran da maneira máis adecuada posible. De forma anticipada, moitas grazas a todos/as pola colaboración!

GRUPO DE TRABALLO—A21EG

Continuando co labor feito en cursos pasados e, ao abeiro da Axenda 21 Escolar do instituto, temos un Grupo de Traballo chamado *"o valor dos roteiros interpretativos como recurso didáctico"* formado polas seguintes persoas:

María Gago Martínez
Diego Xesús López González
Purificación Montes Montenegro
Camilo Ojea Bouzo
Xurxo Pereira Morata
José Manuel Puente Novoa
Andrés Sánchez Labandeira

Os obxectivos que perseguimos son:

- Crear un espazo de traballo común que posibilite a aprendizaxe mutua.
- Reflexionar sobre a nosa práctica docente, en especial no que se refire á **interdisciplinariedade** e ás **Competencias Básicas**.
- Elaborar e experimentar propostas didácticas sobre o ámbito de traballo "contorno natural e biodiversidade", un dos eixes centrais para este curso da nosa A21EG, tomando como referencia a competencia básica "autonomía e iniciativa persoal".

Para isto, entre outras actividades, seleccionamos o deseño de catro roteiros interpretativos, no contexto xeográfico de influencia do noso centro educativo (concellos de Chantada, Carballedo, O Saviñao e Taboada):

- **Roteiro *histórico-artístico***, incluíndo varios puntos de interese (igrexas, balneario, muíños, torres e castelos, castro…). É no que estamos traballando actualmente na rota que leva polas parroquias de Fornas, Mariz, Arcos, Muradelle e San Xurxo de Asma.
- **Roteiro *fluvial*** en barca tradicional (cultura fluvial e ribeira).
- **Roteiro *paisaxístico*** (árbores centenarias).
- **Roteiro xeolóxico urbano.**

A idea é que o alumnado participe na súa elaboración, tanto na busca de información de campo como na realización dos mesmos. E, asemade, agardamos que todos os membros da comunidade educativa interesados participen na posta en práctica destes roteiros.

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 7

Marzo—2009

Novo laboratorio de Química

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CALENDARIO DAS REUNIÓNS DA SEGUNDA AVALIACIÓN

Día 31 de marzo de 2009:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10	2º C E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:10 a 17:50	2º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:50 a 18:30	2º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 18:30 a 19:10	1º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 19:10 a 19:50	1º B E.S.O.	Aula Multimedia

Día 1 de abril de 2009:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:00	4º Diver E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:00 a 17:40	4º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:40 a 18:20	4º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 18:20 a 19:00	3º C E.S.O.	Aula Multimedia
de 19:00 a 19:30	3º Diver E.S.O.	Aula Multimedia
de 19:30 a 20:10	3º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 20:10 a 20:50	3º B E.S.O.	Aula Multimedia

Día 2 de abril de 2009:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10	2º B Bac.	Aula Multimedia
de 17:10 a 17:50	2º A Bac.	Aula Multimedia
de 17:50 a 18:30	1º B Bac.	Aula Multimedia
de 18:30 a 19:10	1º A Bac.	Aula Multimedia

Aclaracións:

•En beneficio de todos, prégase puntualidade.

•O profesorado debe reflectir as notas da súa materia na aplicación XADEWEB, deste xeito o/a profesor/a titor/a poderá facer copias da actilla e entregalas na xunta de avaliación. Para facilitar a tarefa, débese facer antes das 14:15 horas do día anterior sinalado para a sesión de avaliación.

•As notas serán entregadas polo/a titor/a a partir das 11:15 horas do venres 3 de abril 2009.

Avaliación de ESA

O alumnado dos módulos I e III, terán unha proba EXTRAORDINARIA a finais de abril dos ámbitos que teñan pendentes dos módulos I-III. Os exames desta avaliación faranse os días 27, 28 e 29 de abril. O día da avaliación será o xoves día 30 de abril na hora do recreo.

Módulos II (nivel I) /IV(nivel II)

1ª avaliación

9 de febreiro ao 30 de xuño.
Avaliación: Xoves, 26 de marzo.
Módulo II ás 16:00 – 16:20 h.
Módulo IV ás 16:20 – 17:00 h.

Avaliación final ordinaria

Avaliación: Xoves, 11 de xuño.
Módulo II ás 16:00 h.
Módulo IV ás 17:00 h.

En xuño, para o alumnado que non obteña unha calificación positiva dos ámbitos dos módulos II e IV, poderán establecerse probas finais de recuperación globais que se celebrarán xunto coas datas dos exames finais para aqueles/as alumnos/as que perdan o dereito á avaliación continua por número de faltas. Estes alumnos terán outra proba EXTRAORDINARIA no mes de setembro dos ámbitos que teñan pendentes dos módulos II-IV.

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

O **Proxecto Educativo de Centro** é un documento que deberá ser aprobado antes de finais de curso. No Claustro do Profesorado celebrado o 12 de marzo de 2009 xa se trataron nun dos puntos da orde do día as emendas ou propostas en relación co borrador do P.E.C. Aínda que houbo algunha proposta de modificación, foi pequena, polo que sería conveniente que, se algún membro do claustro ten novas propostas, as comente antes do claustro onde se levará para a súa aprobación, de maneira que despois se someta á aprobación definitiva, se procede, por parte do Consello Escolar.

Cada mes son máis os membros do claustro que solicitan a nómina por correo. Animo aos que aínda non o solicitaron que o fagan na secretaría do centro cubrindo o impreso correspondente. Este impreso pódese descargar da sección ***secretaría>impresos*** da páxina web do centro ***http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas***.

No consello escolar celebrado o 29 de xaneiro de 2009 aprobouse unha partida de 2.000 euros para acondicionar a sala do profesorado. Aqueles/as que teñan algunha idea pódena suxerir en dirección. As obras realizaríanse inicialmente durante o verán.

Instalouse o programa OpenOffice nos ordenadores da biblioteca.

A partir do 31 de marzo de 2009 na biblioteca do centro recibirase o xornal editado en lingua galega **Galicia Hoxe**, os martes e os xoves.